

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

12730 *Real decreto 1003/2014, do 5 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta e deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo.*

A Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias, introduciu importantes modificacións no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas cuxa efectividade, a partir do 1 de xaneiro de 2015, queda condicionada ao seu previo desenvolvemento regulamentario.

Estas modificacións xerarán unha redución da carga tributaria soportada polos perceptores de rendementos do traballo, rebaixa que se intensifica nos contribuíntes con menores recursos ou con maiores cargas familiares. A dita minoración é consecuencia da nova configuración da redución xeral por obtención de rendementos do traballo, da elevación do importe do mínimo persoal e familiar e da nova escala de gravame en que se reducen tanto o número de tramos, dos sete actuais a cinco, como os tipos marxinais aplicables nestes, minoración que se intensificará en 2016 mediante unha segunda rebaixa dos tipos marxinais contidos na dita escala. O efecto combinado de todas elas implica unha elevación nos importes que configuran o limiar de tributación e, polo tanto, de retención, o que comportará a correspondente diminución das retencións ou ingresos á conta efectivamente soportados por esta fonte de renda.

Para o resto de rendas, débese sinalar que tal minoración se anticipará igualmente ao exercicio 2015 mediante a aplicación dos novos tipos fixos de retención previstos na propia lei, tipos que se volverán rebaixar en 2016.

En consecuencia, o presente real decreto ten como finalidade efectuar as modificacións pertinentes no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, para que os obrigados a efectuar pagamentos á conta poidan coñecer coa suficiente antelación a nova normativa que, en materia de pagamentos á conta, resulta aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2015, proporcionando así a seguridade e a información necesarias para o correcto cumprimento das súas obrigas como retedores. O resto de modificacións do regulamento do imposto derivadas da aprobación da lei atrásase a un momento posterior.

Adicionalmente, a lei aprobou tres novas deducións na cota diferencial, de operativa análoga á actual dedución por maternidade, que serán aplicables cando o traballador por conta propia ou allea teña ascendentes ou descendentes con discapacidade ao seu cargo, ou forme parte dunha familia numerosa, e poderá solicitarse, igualmente, a súa percepción de forma anticipada.

Igualmente, resulta imprescindible anticipar o desenvolvemento dos requisitos regulamentarios das novas deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo existentes no imposto sobre a renda das persoas físicas para que se poida empezar a solicitar a súa percepción anticipada coa maior celeridade posible.

O presente real decreto estrutúrase nun artigo e dúas disposicións derradeiras.

En primeiro lugar, introdúcese un novo artigo no regulamento do imposto mediante o cal se desenvolve tanto a forma de cuantificar o importe das novas deducións por familia numerosa e persoas con discapacidade a cargo, como os requisitos e procedemento para solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu pagamento anticipado.

En segundo lugar, lévase a cabo a adaptación do regulamento en materia de pagamentos á conta ás modificacións efectuadas na Lei do imposto, sendo as modificacións máis relevantes as efectuadas no ámbito das rendas do traballo.

Desta forma, en relación coas retencións e ingresos á conta que se efectuarán sobre os rendementos do traballo, mantense o actual sistema no cal, xunto aos tipos fixos de retención para determinados rendementos, existe un procedemento xeral de determinación do tipo de retención.

En relación co dito procedemento eleváronse os limiares de retención, isto é, a contía a partir da cal debe empezar a practicarse a correspondente retención, incorporouse a nova escala de retención con tipos marxinais inferiores e suprimíuse o actual arredondamento ao enteiro máis próximo do tipo que afastaba, de maneira aleatoria, o importe da retención respecto do imposto que finalmente debe soportar o contribuínte na súa futura declaración. Adicionalmente, incorporáronse outras modificacións legais que indirectamente afectan o dito procedemento, como o derivado da supresión da dedución por obtención de rendementos do traballo, incorporada na nova redución xeral aplicable para o efecto, ou a incidencia das anualidades por alimentos satisfeitas a favor dos fillos por decisión xudicial.

En canto aos tipos fixos de retención, recóllense os tipos de retención establecidos na lei e regúlanse os requisitos para acceder ao novo tipo fixo de retención minorado para administradores de entidades de menor tamaño, ao tempo que se desenvolve o pagamento á conta que se efectuará no caso de extinción, antes do transcurso de cinco anos, dos denominados plans de aforro a longo prazo.

Por último, simplifícase o cálculo dos pagamentos fraccionados, ao tempo que se establece unha nova minoración do seu importe para os traballadores por conta propia con menores rendas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Engádesse un artigo 60 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60 bis. *Procedemento para a práctica das deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo e o seu pagamento anticipado.*

1. As deducións reguladas no artigo 81 bis da Lei do imposto aplicaranse, para cada contribuínte con dereito a estas, proporcionalmente ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no punto 1 do citado artigo, e terán como límite para cada dedución as cotizacións e cotas á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo percibidas en cada período impositivo con posterioridade ao momento en que se cumpran tales requisitos.

Non obstante, se o contribuínte ten dereito á dedución prevista nas letras a) ou b) do punto 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto respecto de varios ascendentes ou descendentes con discapacidade, o citado límite aplicarase de forma independente respecto de cada un deles.

En caso de familias numerosas de categoría especial, o incremento da dedución a que se refire a letra c) do punto 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto non se terá en conta para efectos do citado límite.

Para efectos do cálculo deste límite computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros sen tomar en consideración as bonificacións que puidesen corresponder.

2. Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución a que se refire o punto anterior teranse en conta as seguintes regras:

1.^a A determinación da condición de familia numerosa e da situación de discapacidade realizarase de acordo coa súa situación o derradeiro día de cada mes.

2.^a O requisito de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade entenderase cumprido cando esta situación se produza en calquera día do mes.

3. Os contribuíntes con dereito á aplicación destas deducións poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que estean dados de alta na Seguridade Social ou mutualidade e coticen os prazos mínimos que a continuación se indican:

a) Traballadores con contrato de traballo a xornada completa, en alta durante, cando menos, quince días de cada mes no réxime xeral ou nos réximes especiais da minaría do carbón e dos traballadores do mar.

b) Traballadores con contrato de traballo a tempo parcial cuxa xornada laboral sexa de, cando menos, o 50 por cento da xornada ordinaria na empresa, en cómputo mensual, e se encontren en alta durante todo o mes nos réximes citados no parágrafo anterior.

c) No caso de traballadores por conta allea en alta no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social cando se optase por bases diarias de cotización, que realicen, ao menos, dez xornadas reais no dito período.

d) Traballadores incluídos nos restantes réximes especiais da Seguridade Social non citados nos parágrafos anteriores ou mutualistas das respectivas mutualidades alternativas á Seguridade Social que se encontren en alta durante quince días no mes.

4.1.º A tramitación do aboamento anticipado efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) A solicitude presentarse no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas por cada contribuínte con dereito a dedución. Non obstante, poderá optarse por presentar unha solicitude colectiva por todos os contribuíntes que poidan ter dereito á dedución respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa. Neste caso, deberá designarse como primeiro solicitante un contribuínte que cumpra, no momento de presentar a solicitude, os requisitos previstos no punto 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto.

Cada mes de xaneiro poderase modificar a modalidade de solicitude respecto de cada unha das deducións.

Os solicitantes e os descendentes ou ascendentes con discapacidade que se relacionen na solicitude deberán dispoñer de número de identificación fiscal.

b) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida e dos datos que constan no seu poder, aboará de oficio de forma anticipada e á conta o importe de cada dedución ao solicitante. No caso de que se efectuase unha solicitude colectiva, o aboamento efectuarase a quen figure como primeiro solicitante.

No suposto de que non proceda o aboamento anticipado notificarase tal circunstancia ao contribuínte con expresión das causas que motivan a denegación.

c) O aboamento da dedución de forma anticipada será efectuado mensualmente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, mediante transferencia bancaria, por importe de 100 euros por cada descendente,

ascendente ou familia numerosa a que se refire o punto 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto, se a solicitude foi colectiva. O dito importe será de 200 euros se se trata dunha familia numerosa de categoría especial. En caso de solicitude individual, aboarase ao solicitante a cantidade que resulte de dividir o importe que proceda dos indicados anteriormente entre o número de contribuíntes con dereito á aplicación do mínimo respecto do mesmo descendente ou ascendente con discapacidade, ou entre o número de ascendentes ou irmáns orfos de pai e nai que formen parte da mesma familia numerosa, segundo proceda.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

2.º Os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado das ditas deducións virán obrigados a lle comunicar á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando, por algunha causa ou circunstancia sobrevida, incumpran algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

3.º Cando o importe de cada unha das deducións non se corresponda co do seu aboamento anticipado, os contribuíntes deberán regularizar tal situación na súa declaración por este imposto. No suposto de contribuíntes non obrigados a declarar, tal regularización efectuarase mediante o ingreso das cantidades percibidas en exceso no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

4.º Non serán exixibles xuros de demora pola percepción, a través do aboamento anticipado e por causa non imputable ao contribuínte, de cantidades superiores ás deducións reguladas no artigo 81 bis da Lei do imposto.

5. Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación dalgunha das anteriores deducións respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa, poderase ceder o dereito á dedución a un deles. Neste caso, para efectos do cálculo da dedución, aplicaranse as seguintes regras especiais:

a) O importe da dedución non se rateará entre eles senón que será aplicado integramente polo contribuínte en cuxo favor se cedese a dedución.

b) Computaranse os meses en que calquera dos contribuíntes que teñan dereito á dedución cumpra os requisitos previstos no punto 1 deste artigo.

c) Teranse en conta de forma conxunta as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades correspondentes a todos os contribuíntes que teñan dereito á dedución.

d) Os importes que, se é o caso, se percibisen anticipadamente consideraranse obtidos polo contribuínte en cuxo favor se cedese a dedución.

Cando se optase pola percepción anticipada da dedución presentando unha solicitude colectiva, entenderase cedido o dereito á dedución en favor do primeiro solicitante. Nos restantes casos, entenderase cedido o dereito á dedución en favor do contribuínte que aplique a dedución na súa declaración, e esta circunstancia deberá constar na declaración de todos os contribuíntes que tivesen dereito á dedución, salvo que o cedente sexa un non obrigado a declarar, caso en que tal cesión se efectuará mediante a presentación do modelo no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

6. As comunidades autónomas e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais estarán obrigados a subministrar por vía electrónica á Axencia Estatal de Administración Tributaria, durante os dez primeiros días de cada mes, os datos de familias numerosas e discapacidade correspondentes ao mes anterior.

O formato e o contido da información serán os que en cada momento consten na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet.»

Dous. Modifícase a letra a) do punto 3 do artigo 75 e engádese un novo punto 4 no mesmo artigo, que quedan redactados da seguinte forma:

«a) As rendas exentas, con excepción das axudas de custo e gastos de viaxe exceptuados de gravame.»

«4. Existirá obriga de efectuar un pagamento á conta cando se produzan os supostos previstos no punto 6 da disposición adicional vixésimo sexta da Lei do imposto, sempre que se obtivesen rendementos do capital mobiliario positivos aos cales se lles aplicase a exención prevista na letra ñ) do artigo 7 da Lei do imposto.»

Tres. Engádese unha nova letra h) ao punto 2 do artigo 76, que queda redactada da seguinte forma:

«h) Nos supostos previstos no punto 6 da disposición adicional vixésimo sexta da Lei do imposto, estará obrigada a efectuar o pagamento á conta que, se é o caso, proceda a entidade de crédito ou aseguradora coa cal o contribuínte contratase o plan de aforro a longo prazo. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 90.1, 93.7 e 94.3 deste regulamento.»

Catro. Modifícase o artigo 80, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 80. *Importe das retencións sobre rendementos do traballo.*

1. A retención que se practicará sobre os rendementos do traballo será o resultado de aplicar, á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboen, o tipo de retención que corresponda dos seguintes:

1.º Con carácter xeral, o tipo de retención que resulte segundo o artigo 86 deste regulamento.

2.º O determinado conforme o procedemento especial aplicable a perceptores de prestacións pasivas regulado no artigo 89.A) deste regulamento.

3.º O 35 por cento para as retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos.

Non obstante, cando os rendementos procedan de entidades cuxo importe neto da cifra de negocios do último período impositivo finalizado con anterioridade ao pagamento dos rendementos sexa inferior a 100.000 euros, a porcentaxe de retención e ingreso á conta será do 19 por cento. Se o dito período impositivo tivese unha duración inferior ao ano, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

4.º O 18 por cento para os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

5.º O 15 por cento para os atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores, salvo cando resulten de aplicación os tipos previstos nos ordinais 3.º ou 4.º deste punto.

2. Cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, dividiranse por dous:

a) O tipo de retención a que se refire o artigo 86.1 deste regulamento.

b) Os tipos de retención previstos nos ordinais 3.º, 4.º e 5.º do punto anterior.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se practicará retención sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 83.2 deste regulamento, non supere o

importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e doutros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e doutros descendentes		
	0 – euros	1 – euros	2 ou máis – euros
1. ^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente . .	–	14.266	15.803
2. ^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.....	13.696	14.985	17.138
3. ^a Outras situacións	12.000	12.607	13.275

Para efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto.

En canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto para unidades familiares monoparentais.

2.^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.^a Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto por darse a circunstancia de convivencia a que se refire o parágrafo segundo do dito punto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.^a e 2.^a anteriores.»

Seis. Modifícase o artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 82. *Procedemento xeral para determinar o importe da retención.*

Para calcular as retencións sobre rendementos do traballo, ás cales se refire o artigo 80.1.1.º deste regulamento, practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 83 deste regulamento, a base para calcular o tipo de retención.

2.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 84 deste regulamento, o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

3.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 85 deste regulamento, a cota de retención.

4.^a Determinarase o tipo de retención na forma prevista no artigo 86 deste regulamento.

5.^a O importe da retención será o resultado de aplicar o tipo de retención á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboen, tendo en conta as regularizacións que procedan de acordo co artigo 87 deste regulamento.»

Sete. Modifícase o punto 3 do artigo 83, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A contía total das retribucións de traballo en diñeiro e en especie, calculadas de acordo co punto anterior, minorarase nos importes seguintes:

a) Nas reducións previstas no artigo 18, puntos 2 e 3, e disposicións transitorias décimo primeira e décimo segunda da Lei do imposto.

b) Nas cotizacións á Seguridade Social, ás mutualidades xerais obrigatorias de funcionarios, detraccións por dereitos pasivos e cotizacións a colexios de orfos ou entidades similares, a que se refiren os parágrafos a), b) e c) do artigo 19.2 da Lei do imposto,

c) Nos gastos a que se refire a letra f) do artigo 19.2 de Lei do imposto. Para estes efectos, os ditos gastos terán como límite a contía total das retribucións de traballo minorada exclusivamente nos importes previstos nas letras a) e b) anteriores.

d) Na redución por obtención de rendementos do traballo que se regula no artigo 20 da Lei do imposto. Para o cómputo da dita redución o pagador deberá ter en conta, exclusivamente, a contía do rendimento neto do traballo resultante das minoracións previstas nos parágrafos a) e b) anteriores.

e) No importe que proceda, segundo as seguintes circunstancias:

Cando se trate de contribuíntes que perciban pensións e haberes pasivos do réxime da Seguridade Social e de clases pasivas ou que teñan máis de dous descendentes que dean dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto, 600 euros.

Cando sexan prestacións ou subsidios por desemprego, 1.200 euros.

Estas reducións son compatibles entre si.

f) Cando o perceptor de rendementos do traballo estea obrigado a satisfacer por resolución xudicial unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe, o importe desta poderá diminuír a contía resultante do disposto nos parágrafos anteriores. Para tal fin, o contribuínte deberá poñer as ditas circunstancias en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 88 deste regulamento.»

Oito. Modifícase o artigo 85, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 85. *Cota de retención.*

1. Para calcular a cota de retención practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.º Á base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 83 deste regulamento aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	19,00
12.450,00	2.365,50	7.750,00	24,00
20.200,00	4.225,50	15.000,00	30,00
35.200,00	8.725,50	24.800,00	37,00
60.000,00	17.901,50	En diante	45,00

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención a que se refire o

artigo 84 deste regulamento a escala prevista no ordinal 1.º anterior, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal minoración.

2. Cando o receptor de rendementos do traballo satisfaga anualidades por alimentos en favor dos fillos por decisión xudicial sen dereito á aplicación por estes últimos do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto, sempre que o seu importe sexa inferior á base para calcular o tipo de retención, para calcular a cota de retención practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.º Aplicarase a escala prevista no ordinal 1.º do punto anterior separadamente ao importe das ditas anualidades e ao resto da base para calcular o tipo de retención.

2.º A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicar a escala prevista no ordinal 1.º do punto anterior ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención incrementado en 1.980 euros anuais, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal minoración.

Para tal fin, o contribuínte deberá poñer a dita circunstancia en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 88 deste regulamento.

3. Cando o contribuínte obteña unha contía total de retribución, a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento, non superior a 22.000 euros anuais, a cota de retención, calculada de acordo co previsto nos puntos anteriores, terá como límite máximo o resultado de aplicar a porcentaxe do 43 por cento á diferenza positiva entre o importe da contía total de retribución e o que corresponda, segundo a súa situación, dos mínimos excluídos de retención previstos no artigo 81 deste regulamento.»

Nove. Suprímese o artigo 85 bis.

Dez. Modifícase o punto 1 do artigo 86, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O tipo de retención será o resultante de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento, e expresarse con dous decimais.

Cando a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención sexa cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

Cando a contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa inferior a 33.007,2 euros e o contribuínte, de acordo co disposto no artigo 88.1 deste regulamento, comunicase ao seu pagador que destina cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, o tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.»

Once. Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 87, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Procederá regularizar o tipo de retención nas seguintes circunstancias:

1.º Se, ao concluír o período inicialmente previsto nun contrato ou relación, o traballador continuase prestando os seus servizos ao mesmo empregador ou vólvese facelo dentro do ano natural.

2.º Se con posterioridade á suspensión do cobramento de prestacións por desemprego se restablecese o dereito ou se pasase a percibir o subsidio por desemprego, dentro do ano natural.

3.º Cando, en virtude de normas de carácter xeral ou da normativa sectorial aplicable ou como consecuencia do ascenso, promoción ou descenso de categoría do traballador ou, por calquera outro motivo, se produzan durante o ano variacións na contía das retribucións ou dos gastos deducibles que se tivesen en conta para a determinación do tipo de retención que viña aplicándose ata ese momento. En particular, cando varíe a contía total das retribucións superando o importe máximo establecido para tal efecto no último parágrafo do artigo 86.1 deste regulamento.

4.º Se no curso do ano natural o pensionista comezase a percibir novas pensións ou haberes pasivos que se engadisen ás que xa viñese percibindo, ou aumentase o importe destas últimas.

5.º Cando o traballador traslade a súa residencia habitual a un novo municipio e resulte de aplicación o incremento da contía dos gastos prevista no artigo 19.2.f) da Lei do imposto, por darse un suposto de mobilidade xeográfica.

6.º Se no curso do ano natural se producise un aumento no número de descendentes ou unha variación nas súas circunstancias, sobreviñese a condición de persoa con discapacidade ou aumentase o grao de discapacidade no perceptor de rendas de traballo ou nos seus descendentes, sempre que as ditas circunstancias determinasen un aumento no mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

7.º Cando por resolución xudicial o perceptor de rendementos do traballo quedase obrigado a satisfacer unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe ou anualidades por alimentos en favor dos fillos sen dereito á aplicación por estes últimos do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto, sempre que o importe destas últimas sexa inferior á base para calcular o tipo de retención.

8.º Se no curso do ano natural o cónxuxe do contribuínte obtivese rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.

9.º Cando no curso do ano natural o contribuínte cambiase a súa residencia habitual de Ceuta ou Melilla, Navarra ou dos territorios históricos do País Vasco ao resto do territorio español ou do resto do territorio español ás cidades de Ceuta ou Melilla, ou cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia.

10.º Se no curso do ano natural se producise unha variación no número ou nas circunstancias dos ascendentes que dese lugar a unha variación no mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

11.º Se no curso do ano natural o contribuínte destinase cantidades á adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, determinante dunha redución no tipo de retención ou comunicase posteriormente a non procedencia desta redución.

3. A regularización do tipo de retención levarase a cabo do seguinte modo:

a) Procederá a calcular unha nova cota de retención, de acordo co procedemento establecido no artigo 85 deste regulamento, tendo en conta as circunstancias que motivan a regularización.

b) Esta nova cota de retención minorarase na contía das retencións e ingresos á conta practicados ata ese momento.

No suposto de terse reducido previamente o tipo de retención por aplicación do disposto no último parágrafo do punto 1 do artigo 86 deste regulamento, tomarase por contía das retencións e ingresos á conta practicados ata ese momento a que resultase de non ter tomado en consideración a dita minoración.

No suposto de contribuíntes que aduquen a súa condición por cambio de residencia, da nova cota de retención minoraranse as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non residentes practicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia, así como as cotas satisfeitas

por este imposto devindicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

c) O novo tipo de retención obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza resultante da letra b) anterior entre a contía total das retribucións ás cales se refire o artigo 83.2 deste regulamento que resten ata o final do ano e expresarse con dous decimais.

Cando a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención sexa cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

Neste caso non procederá a restitución das retencións anteriormente practicadas, sen prexuízo de que o perceptor solicite posteriormente, cando proceda, a devolución de acordo co previsto na Lei do imposto.

O disposto neste parágrafo entenderase sen prexuízo dos mínimos de retención previstos no artigo 86.2 deste regulamento.

No suposto previsto no último parágrafo do punto 1 do artigo 86 deste regulamento, o novo tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.

4. Os novos tipos de retención aplicaranse a partir da data en que se produzan as variacións a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º, 3.º e 4.º do punto 2 deste artigo e a partir do momento en que o perceptor dos rendementos do traballo lle comunique ao pagador as variacións a que se refiren os ordinais 5.º, 6.º, 7.º, 8.º, 9.º, 10.º e 11.º do dito punto, sempre e cando tales comunicacións se produzan con, ao menos, cinco días de antelación á confección das correspondentes nóminas, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor poida incorrer cando a falta de comunicación das ditas circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior ao que corresponda, nos termos previstos no artigo 107 da Lei do imposto.

A regularización a que se refire este artigo poderá realizarse, a opción do pagador, a partir do día 1 dos meses de abril, xullo e outubro, respecto das variacións que, respectivamente, se producisen nos trimestres inmediatamente anteriores a estas datas.»

Doce. Modifícase o punto 4 da letra B) do artigo 89, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Recibido o documento, o obrigado a reter, atendendo á data indicada, practicará retencións conforme establece a normativa deste imposto, aplicando, se é o caso, a regularización prevista no artigo 87.2.9.º deste regulamento.»

Trece. Modifícase o punto 2 do artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Este tipo de retencións dividirase por dous cando se trate de rendementos aos cales sexa de aplicación a dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, procedentes de sociedades a que se refire a letra h) do ordinal 3.º do citado artigo.»

Catorce. Modifícanse os puntos 1, 5 e 6 do artigo 93 e engádesse un novo punto 7 ao mesmo artigo, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Con carácter xeral, constituirá a base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario a contraprestación íntegra exixible ou satisfeita.»

«5. Nas percepcións derivadas de contratos de seguro e nas rendas vitalicias e noutras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, así como nos supostos de redución de capital social con devolución de achegas e distribución da prima de emisión de accións previstos no segundo e terceiro parágrafo do artigo 75.3.h) deste regulamento, a base de retención será a contía que se integrará na base imponible calculada de acordo coa Lei do imposto.

Para estes efectos, cando se perciba un capital diferido que corresponda total ou parcialmente a primas satisfeitas con anterioridade ao 31 de decembro de 1994, unicamente se terá en consideración o establecido na disposición transitoria cuarta da Lei do imposto cando, con anterioridade ao día dez do mes seguinte a aquel en que naza a obriga de reter, o contribuínte comunique á entidade obrigada a practicar a retención ou ingreso á conta, por escrito ou por calquera outro medio de cuxa recepción quede constancia, o importe total dos capitais diferidos a que se refire o ordinal 3.º do dito precepto. No caso de que a comunicación se realice con posterioridade ao nacemento da obriga de reter, a citada entidade procederá a lle aboar ao contribuínte as cantidades retidas, se é o caso, en exceso.

6. Cando a obriga de reter teña a súa orixe no axuste secundario derivado do previsto no artigo 18.11 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, constituirá a base de retención a diferenza entre o valor convindo e o valor de mercado.

7. Cando proceda a obriga de realizar o pagamento á conta previsto no punto 6 da disposición adicional vixésimo sexta da Lei do imposto, constituirá a base deste o importe dos rendementos do capital mobiliario positivos obtidos durante a vixencia do plan aos cales lles resultase de aplicación a exención prevista no artigo 7.º da Lei do imposto.»

Quince. Engádesse un novo punto 3 ao artigo 94, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A obriga de realizar, se é o caso, o pagamento á conta a que se refire o punto 6 da disposición adicional vixésimo sexta nacerá no momento en que, con anterioridade ao prazo previsto na letra ñ) do artigo 7 da Lei do imposto, se produza calquera disposición do capital resultante ou se incumpra o límite de achegas previsto na letra c) do punto 1 da citada disposición adicional.»

Dezaseis. Modifícase o punto 1 do artigo 95, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade profesional, aplicarase o tipo de retención do 18 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos. Non obstante, a porcentaxe será o 15 por cento cando o volume de rendementos íntegros de tales actividades correspondente ao exercicio inmediato anterior sexa inferior a 15.000 euros e represente máis do 75 por cento da suma dos rendementos íntegros de actividades económicas e do traballo obtidos polo contribuínte no dito exercicio.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, no caso de contribuíntes que inicien o exercicio de actividades profesionais, o tipo de retención será do 9 por cento no período impositivo de inicio de actividades e nos dous seguintes, sempre e cando non exercesen actividade profesional ningunha no ano anterior á data de inicio das actividades.

Para a aplicación dos tipos de retención previstos nos parágrafos anteriores, os contribuíntes deberanlle comunicar ao pagador dos rendementos a concorrencia dunha ou doutra circunstancia, e o pagador quedará obrigado a conservar a comunicación debidamente asinada.

O tipo de retención será do 9 por cento no caso de rendementos satisfeitos a:

- a) Recadadores municipais.
- b) Mediadores de seguros que utilicen os servizos de auxiliares externos.
- c) Delegados comerciais da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Estas porcentaxes dividiranse por dous cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Dezasete. Modifícase o punto 1 do artigo 97, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo será a contía que se vaia integrar na base imponible calculada de acordo coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para estes efectos, cando as accións ou participacións de institucións de investimento colectivo se adquirisen con anterioridade ao 31 de decembro de 1994, unicamente se terá en consideración o disposto na disposición transitoria novena da Lei do imposto cando, con anterioridade ao día dez do mes seguinte a aquel en que naza a obriga de reter, o contribuínte lle comunique á entidade obrigada a practicar a retención ou ingreso á conta, por escrito ou por calquera outro medio de cuxa recepción quede constancia, o valor de transmisión a que se refire a letra b) do punto 1. 1.^a) do dito precepto. No caso de que a comunicación se realice con posterioridade ao nacemento da obriga de reter, a citada entidade procederá a lle aboar ao contribuínte as cantidades retidas, se é o caso, en exceso.»

Dezaioito. Modifícase o punto 2 do artigo 103, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando a obriga de ingresar á conta teña a súa orixe no axuste secundario derivado do previsto no artigo 18.11 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, constituirá a base do ingreso á conta a diferenza entre o valor convindo e o valor de mercado.»

Dezanove. Modifícase a letra c) do punto 3 do artigo 110, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Cando a contía dos rendementos netos de actividades económicas do exercicio anterior sexa igual ou inferior a 12.000 euros, o importe que resulte do seguinte cadro:

Contía dos rendementos netos do exercicio anterior — Euros	Importe da minoración — Euros
Igual ou inferior a 9.000	100
Entre 9.000,01 e 10.000	75
Entre 10.000,01 e 11.000	50
Entre 11.000,01 e 12.000	25

Cando o importe da minoración prevista nesta letra sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto nos puntos anteriores e nas letras a) e b) deste punto, a diferenza poderase deducir en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e ata o límite máximo do dito importe.»

Vinte. Suprímese o punto 5 do artigo 110.

Vinte e un. Modifícase o punto 3 do artigo 114, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As retencións e os ingresos á conta en concepto de pagamentos á conta deste réxime especial practícaranse de acordo co establecido na normativa do imposto sobre a renda de non residentes.

Non obstante, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta sobre rendementos do traballo será o 24 por cento. Cando as retribucións satisfeitas por un mesmo pagador de rendementos do traballo durante o ano natural excedan os 600.000 euros, a porcentaxe de retención aplicable ao exceso será o 45 por cento.

Cando concorran as circunstancias previstas no artigo 76.2.a) deste regulamento, estarán obrigados a reter as entidades residentes ou os establecementos permanentes en que presten servizos os contribuíntes, en relación coas rendas que estes obteñan en territorio español.

O cumprimento das obrigas formais previstas no artigo 108 deste regulamento, polas retencións e ingresos á conta a que se refire o parágrafo anterior, realizarase mediante os modelos de declaración previstos para o imposto sobre a renda de non residentes para as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente.»

Vinte e dous. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Tipos de retención aplicables en 2015.*

1. No período impositivo 2015, a escala a que se refire o artigo 85 deste regulamento será a seguinte:

Base para calcular o tipo de retención — ata euros	Cota de retención — euros	Resto base para calcular o tipo de retención — ata euros	Tipo aplicable — porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	20,00
12.450,00	2.490,00	7.750,00	25,00
20.200,00	4.427,50	13.800,00	31,00
34.000,00	8.705,50	26.000,00	39,00
60.000,00	18.845,50	En diante	47,00

2. No período impositivo 2015, as porcentaxes de pagamentos á conta do 19 por cento previstas nos artigos 80, 90, 96, 99, 100, 101 e 107 deste regulamento serán o 20 por 100.

Así mesmo, no período impositivo 2015, a porcentaxe de retención do 35 por cento prevista no artigo 80.1.3.º deste regulamento será o 37 por cento; as porcentaxes de retención do 18 por cento previstas nos artigos 80.1.4.º e 95 deste regulamento serán o 19 por cento, e a porcentaxe de retención do 45 por cento prevista no artigo 114.3 deste regulamento será o 47 por cento.

3. Cando no período impositivo 2015 se produzan regularizacións do tipo de retención conforme o artigo 87 deste regulamento, o novo tipo de retención aplicable poderá ser superior ao 47 por cento. A citada porcentaxe será o 24 por cento cando a totalidade dos rendementos do traballo se obtivesen en Ceuta e Melilla e se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Vinte e tres. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo cuarta. *Redución por mobilidade xeográfica en 2015 para efectos de retencións.*

Para efectos do establecido no punto 3 do artigo 83 deste regulamento, nos supostos a que se refire a disposición transitoria sexta da Lei do imposto, a contía total das retribucións de traballo minorarase na redución prevista no punto 1 do artigo 20 da Lei do imposto na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2014 e non resultará de aplicación o disposto no segundo parágrafo da letra f) do punto 2

do artigo 19 da Lei do imposto. Para o cómputo desta redución, o pagador deberá ter en conta, exclusivamente, a contía do rendemento neto do traballo resultante das minoracións previstas nas alíneas a) e b) do punto 3 do artigo 83 deste regulamento.»

Vinte e catro. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo quinta. *Aplicación do disposto nas disposicións transitorias cuarta e novena da Lei do imposto respecto de obrigas de reter que nazan no primeiro trimestre de 2015.*

Cando o nacemento da obriga de reter se produza no primeiro trimestre de 2015 e o suxeito obrigado a reter deba presentar a declaración das cantidades retidas e ingresos á conta correspondente ao dito trimestre no prazo previsto no parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 108 deste regulamento, a comunicación a que se refiren o punto 5 do artigo 93 e o punto 1 do artigo 97, ambos deste regulamento, poderá realizarse ata o 10 de abril de 2015.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO